



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 23 de abril de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23 de abril de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16/04/2018, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2018/1643**

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Imprenta AGQ, SL** para os traballos de encadernación de 24 libros de actas de sesións de Xunta de Goberno Local e Pleno correspondentes ao exercicios de 2016 e 2017, así como resolucións da Alcaldía do exercicio 2017, por un importe total de 871,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 90.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2018/1644**

Dáse conta do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de requirimento de aplicación de medidas correctoras para manter a humidade relativa en todo o interior do recinto da piscina municipal de Fontecarmoa por debaixo do valor máximo permitido no RD 742/2013. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se adjudicou unha auditoría enerxética da piscina municipal en Xunta de Goberno Local do 05-03-2018, á empresa Eurocontrol S.A. por un importe total de 1.845,00€. Derivado do anterior levaranse a cabo as melloras para a subsanación definitiva das deficiencias.

Dar conta a Servicioc S.L., empresa concesionaria do servizo.

**PRP2018/1645**



Dáse conta de solicitude do Concello de A Illa de Arousa de colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa coa cesión de 100 valos para o día 6 de maio de 2018, con motivo da celebración dunha carreira popular, denominada “Carreirón 10K”.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

#### **PRP2018/1646**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para o subministro de unha CPU para o Departamento de Informática, por un importe total de 1.120,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1647**

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Inserpyme Global SA** polo servizo de asesoría externa para a realización dos Pregos Técnicos na licitación dun Servizo Integral de Telecomunicacións para o Concello, por un importe total de 1.067,22 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1648**

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sketch System SL (DIGIPRESS)** para o subministro dun monitor para deseño e maquetación do Departamento de Comunicación, por un importe total de 2.073,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1649**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste** para o subministro de catro pantallas para o Departamento de Urbanismo e catro CPU para os usuarios externos da Biblioteca Municipal, por un importe total de 3.595,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1650**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, SL**



para a reparación do camión 5738-FKD, adscrito ao Servizo de Saneamento, por un importe total de 901,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1651**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Euroyate SAU** para a reparación do motor da embarcación neumática adscrita ao citado servizo, por un importe total de 1.631,83 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1652**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria José Cuevas Rivas**, en representación dos pais de fillos/as que asisten ao IES Faro das Lúas de Vilanova de Arousa, solicitando que polo Concello de Vilagarcía de Arousa se instale unha marquesiña na parada de autobús de O Sixto (Solobeira).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se tratará de atender a súa demanda á maior brevidade.

#### **PRP2018/1653**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Maria Purificación González Miguez** para emisión 5 cuñas publicitarias diarias, durante un mes, en Arousa Si Radio, co fin de dar publicidade á Campaña Cursos capacitación dixital, por un importe total de 484,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1654**

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de 1.089,00 € (IVE incluído), a favor de La Voz de Galicia SA, para un banner publicitario do Concello na edición on-line da La Voz de Galicia, dende abril a decembro de 2018, con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1655**

Dáse conta de escrito de **Espina & Delfín, SL** achegando resposta e proposta ao requirimento remitido pola Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra, e polo tanto procedese á instalación de grifos de mostreo na rede de agua de consumo de Vilagarcía de Arousa en



lugares de fácil acceso a inspección para realizar o control da auga distribuída, nos seguintes puntos:

- 1) Rúa do Colexio Carril – CEIP Rosalía de Castro
- 2) Avda. As Carolinas – contador de entrada ALCAMPO
- 3) Rúa Preguntoiro 31, Xardíns O Preguntoiro (Vilaxoán)
- 4) Rúa Ensino 10, CEIP Rubiáns
- 5) Rúa Hospital do Salnés, contador de entrada Hospital do Salnés.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/1656**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á colocación en diversas farolas do Alumeado Público de carteis publicitarios por parte do establecemento Rapimueble, así como por parte de Motor Ocasión Galicia (evento en Silleda)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir as empresas Rapimueble e Motor Ocasión Galicia (feira motor ocasión Silleda), coa finalidade de que retiren de inmediato das farolas do alumeado público os carteis que se atopan colocados sen autorización municipal. .

#### **PRP2018/1657**

Vista a proposta da Secretaria Xeral a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao seguro para a motocicleta con matrícula 4231KFZ, marca SWM e modelo Superdual T 650 ABS, adscrito ao Servizo da Policía Local, , conforme ao orzamento presentado por **MGS Seguros y Reaseguros, SA**, por importe de 407,45 €, para o ano 2018, con cargo á partida 920.224.

#### **PRP2018/1658**

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o traslado da praza de estacionamento para persoas discapacitadas, sinalada antes do paso de peóns, á altura do nº 4 da Praza Ravella, para a marxe oposta da Rúa, no lateral da Casa do Concello, co fin de garantir a seguridade dos peóns.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

#### **PRP2018/1670**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **IBERGRUAS SA** para reparación do vehículo matrícula E-9962-BBJ, adscrito ao Servizo de Mellora Rural, por un importe total de 1.946,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1671**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcciones Metálicas Cuevas, SL** para a reparación da persiana de seguridade e a substitución do motor existente no Centro Cultural de San Roque, por un importe total 680,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1717**

Dáse conta do escrito presentado por D. Felipe Rey Rodríguez e/n **LUSITANA BUENCAFE SL**, solicitando autorización para celebración da “Feira de Abril na Rúa A Baldosa”, coa celebración de actuacións e concertos ao aire libre os días 05 e 06 de maio de 2018, e a colaboración municipal coa cesión de 2 palcos e iluminación da Rúa polos dous laterais.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Alumeado Público e Policía Local.

#### **PRP2018/1462**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Paz Romagnoli Gil, en representación de **O Sono de Lilith** solicitando autorización para utilizar a Praza da Peixería e a planta superior da Praza de Abastos, o día 9 de xuño para levar a cabo o denominado “Festivala Mulleres Creando.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Dado que o día 9 é sábado, día de mercado semanal, deberase ter en conta pola restrición do tráfico na zona de acceso á Praza da Peixería, en canto á parte superior da Praza da Peixería deberase informar polo Servizo de Mercados.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

#### **PRP2018/1768**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Manuel Lago Fernández, en representación de **Motoclube 36600** solicitando autorización para realización dunha ruta mototurística, con motivo da IV Xuntanza Invernal o día 28 de abril de 2018, con saída da sede (Ruta 66) na Rúa



Doutor Moreira Casal 1, ás 18:00 horas e regreso sobre as 19:30 horas así como a reserva de prazas de estacionamento na Rúa Doutor Moreira Casal das 16:00 ás 21:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a ruta moteira así como a reserva da marxe dereita da Rúa Doutor Moreira Casal, en sentido Ramal-Estación.

A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local.

#### **PRP2018/1769**

Dáse conta de solicitude de **Producción Setemedia** de autorización para realizar unha gravación no Paseo Marítimo de Carril-Vilagarcía, á altura da Praia de Compostela o día 25 de abril, coa actuación dun grupo composto por sete integrantes.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

#### **PRP2018/1683**

Dáse conta do Decreto 99/2012, do 16 de marzo ( D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014).

Vista a proposta da Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO.** Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL:	164.878,00 €
MANTEMENTO:	0,00 €
AXUDA NO FOGAR	19.200,00 €
▪ Modalidade de Prestación básica	371.199,60 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	110.000,00 €
<u>TOTAL SOLICITADO:</u>	665.277,60 €

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

**SEGUNDO:** O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL:	226.190,46 €
MANTEMENTO:	1.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	59.768,40 €
▪ Modalidade de Prestación básica	160.183,92 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	995.124,85 €



<u>TOTAL COFINANCIADO:</u>	1.442.267,63 €
----------------------------	----------------

**TERCEIRO:** En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2018 é o seguinte:

PERSOAL:	391.068,46 €
MANTEMENTO:	1.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	78.968,40 €
▪ Modalidade de Prestación básica	531.383,52 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.105.124,85 €
<u>TOTAL:</u>	2.090.730,23 €

#### **PRP2018/1699**

Dáse conta da presentación da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos comunitarios 2017, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **Emprego**

##### **PRP2018/1684**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa Galega**, para levar a cabo o desenvolvemento do Proxecto de aceleradora de negocios emprende VGA 2018, por un importe total de 18.029,00 €, con cargo á partida 241.22799, para a promoción do emprendemento e a cultura emprendedora a través do apoio aos proxectos innovadores, tecnolóxicos e novedosos, promovidos por empresas na súa fase de desenvolvemento ou consolidación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/1685**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 50.000,00 € con cargo á partida 241.470, cunha contía de subvención máxima proposta dende 500 € ata 3.000 €, e dispoñer a súa publicación no B.O.P., que presenta como novidade respecto á convocatoria anterior:

- Establécese a posibilidade, a criterio da XGL, de subvencionar as contratacións indefinidas a tempo parcial, atendendo á natureza da prestación laboral e/ou da actividade da empresa.
- Poderán ser obxecto de subvención un máximo de tres contratacións por empresa.



## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Sanidade**

#### **PRP2018/1686**

Dáse conta da solicitude de **D. Antonio Abalo Abalo**, de permiso municipal de conductor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licencia de auto-turismo, clase B, nº 19, da que é titular D. Adrián Pino Barrio. Visto o informe técnico e a documentación presentada, acórdase acceder ó solicitado.

Aos efectos do establecido no art. 32.4 do Regulamento municipal dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros consta no expediente, contrato de traballo e resolución de alta do traballador no Réxime Xeral da Seguridade Social.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Normalización Lingüística**

#### **PRP2018/1484**

Vista a proposta da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Urdime S. Coop Galega** para o desenvolvemento da acción cultural: Festival do Estío con Apego, por un importe total de 16.822,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/1690**

Vista a solicitude de Dona Rosa María Gómez Cerdeira, en representación de **IES Miguel Angel González Estévez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 18 e 19 de xuño de 2018, durante todo o día, para a celebración do Festival de Fin de Curso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2018/1691**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento correspondente á Celebración dos Maios, así como a provisión de fondos a favor da Concelleira **Dona Luz Mª Abalo Pérez**, para o día 27 de abril de 2018, con motivo da celebración dos Maios 2018, por un importe total de 5.956,50 €, condicionado á total subsanación das anomalías detectadas na xustificación da última provisión de fondos, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.48100: 5.060,00 € para o pagamento de premios.
- Con cargo á partida 338.22699:





- 715,00 € para a compra de 65 kg. de roscas a Emilia Iglesias Catoira.
- 181,50 € para presentación festas dos maios 2018 a Asociación Cultural Escuadra 17.”

#### **PRP2018/1692**

Vista a solicitude de D. Alfonso R. González Gallego, Presidente Comarcal de **Cruz Roja Española**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso dos Seminarios do Auditorio Municipal, os días 2, 3 e 23 de xuño; 15 e 22 de setembro; 6 e 13 de outubro de 2018, en horario de mañá, para a celebración de accións formativas:

- Primeiros auxilios en bebés e nenos: 2, 9 e 23 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas.
- Primeiros auxilios básicos: 15 e 22 de setembro, e 6 e 13 de outubro, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2018/1693**

Dáse conta do escrito presentado por **Moving On SL** en relación coa realización dunha actividade no Auditorio Municipal para alumnos/as do IES Armando Cotarelo Valledor, con carácter gratuíto para os/as alumnos/as, e facturando un importe de caché o citado IES.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local e de conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, acorda comunicarlle que deberá aboar a seguinte tarifa pola utilización da instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día x 264,70 € = 264,70 €
- Responsable de sala: 4 horas x 10,20 € = 40,80 €
- 1 Operario: 4 horas x 10,20 € = 40,80 €

TOTAL A ABOAR: 343,30

Dar conta ao Departamento de Rendos aos efectos da liquidación da citada tarifa.

#### **PRP2018/1694**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Celia María Carballido Couceiro, en representación de **Cunde Sociedade Cooperativa Galega** solicitando a autorización para utilizar o Salón de Actos do Auditorio Municipal para a celebración dun concerto de “SES” o día 7 de abril de 2018.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local e de conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e



utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, acorda comunicarlle que deberá aboar a seguinte tarifa pola utilización da instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día x 264,70 € = 264,70 €
  - Responsable de sala: 13 horas x 10,20 €/h. = 132,60 €
  - 2 Operarios: (13 horas cada un) 26 h.x 10,20 €/h. = 265,20 €
  - Conserxe (de 22:00 a 24:00 horas): 2 horas x 10,20 €/h. = 20,40 €
- TOTAL A ABOAR: 682,90 €

Dar conta ao Departamento de Rendas aos efectos da liquidación da citada tarifa.

#### **PRP2018/1695**

Vista a solicitude de D. Francisco José Cuba Couzo, en representación de **Ateneo Mar de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 11 de maio, de 19:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha conferencia a cargo do Dr. D. Eugenio Cornide, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa impresión de cartelería para a citada actividade.

Dar conta á Área de Comunicación.

#### **PRP2018/1696**

Vista a solicitude de Dona Lourdes Durán Pereira, como Presidenta da **Asociación Círculo Artístico Deportivo Gato Negro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o vindeiro día 17 de maio de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Malveiras por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2018/1697**

Visto o escrito presentado por D. Angel Vilas Fernández, como Presidente da **Federación Galega e Secretario do Club Xadrez de Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar o Auditorio Municipal con motivo da celebración do XIII Cricuito Galego os días 19 e 20 de maio durante todo o día, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase:

- Autorizar a utilización da Sala de Conferencias, corredores e taller, deixando libres as saídas de emerxencia e debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



- Non autorizar a Sal Principal do Auditorio, por estar reservada para actividades programadas pola Concellería de Cultura con motivo das Festas de Santa Rita 2018.
